

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 13087** *Real decreto 1005/2014, do 5 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na sección 1ª do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro.*

O Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na sección 1.ª do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, traspuxo ao noso ordenamento a Directiva 92/65/CEE do Consello, do 13 de xullo, pola que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios e ás importacións na Comunidade de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás normativas comunitarias específicas a que se refire a sección 1.ª do anexo A da Directiva 90/425/CEE.

A dita directiva foi obxecto de diversas modificacións, a última operada mediante a Directiva 2013/31/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, que modifica a Directiva 92/65/CEE do Consello polo que se refire aos requisitos zosanitarios que rexen o comercio dentro da Unión e ás importacións na Unión de cans, gatos e furóns.

As modificacións teñen por obxecto adaptar a norma, no que se refire aos movementos de cans, gatos e furóns, á aprobación do Regulamento (UE) n.º 576/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, relativo aos desprazamentos sen ánimo comercial de animais de compañía e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 998/2003, e ao Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97, ao tempo que se amplía a 48 horas o período do exame clínico efectuado anteriormente ao movemento por un veterinario autorizado pola autoridade competente.

Por isto, cómpre incorporar ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2013/31/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, mediante a correspondente modificación dos artigos 10 e 15 do Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro.

Os modelos de certificados sanitarios previstos no anexo E da Directiva 92/65/CEE do Consello, do 13 de xullo, encóntranse establecidos por decisións da Comisión Europea, e a partir do 29 de decembro de 2014 debe ser aplicable, en virtude da remisión que efectúa a este o ordinal 1.º do número 2.c) do novo artigo 10 do Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, o novo modelo aprobado pola Decisión de execución 2013/518/UE da Comisión, do 21 de outubro de 2013, pola que se modifica a parte 1 do anexo E da Directiva 92/65/CEE do Consello, no que respecta ao modelo de certificado sanitario para animais procedentes de explotacións.

Isto non obstante, conforme o disposto no artigo 2 da dita Decisión de execución 2013/518/UE da Comisión, do 21 de outubro de 2013, prevese expresamente na disposición transitoria única deste real decreto a validez, até o 29 de abril de 2015 dos certificados que, tendo sido expedidos como máis tarde o 28 de decembro de 2014, utilicen o modelo de certificado sanitario vixente até a dita data do 28 de decembro de 2014, que é o que figura no anexo E, parte 1, da Directiva 92/65/CEE, na súa versión introducida pola Decisión de execución 2012/112/UE da Comisión, do 17 de febreiro

de 2012, pola que se modifica o anexo E da Directiva 92/65/CEE do Consello, no que respecta aos modelos de certificados sanitarios para animais procedentes de explotacións e para animais, esperma, óvulos e embrións procedentes de organismos, institutos ou centros autorizados.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de decembro de 2014,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na sección 1.ª do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro.*

O Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na sección 1.ª do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 10 substitúese polo seguinte:

«2. Para que poidan ser obxecto de intercambios comerciais, os cans, os gatos e os furóns deberán:

a) Cumprir as condicións establecidas no artigo 6 e, en caso de ser aplicable, no artigo 7 do Regulamento (UE) n.º 576/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, relativo aos desprazamentos sen ánimo comercial de animais de compañía e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 998/2003.

b) Ter sido sometidos a un exame clínico efectuado nas 48 horas anteriores ao seu envío por un veterinario habilitado ou autorizado pola autoridade competente.

c) E ir acompañados, durante o seu transporte cara ao lugar de destino, por un certificado sanitario:

1.º Que se axuste ao modelo da parte 1 do anexo E da Directiva 92/65/CEE do Consello, do 13 de xullo, e

2.º que vaia asinado por un veterinario oficial, o cal certificará que o veterinario habilitado ou autorizado pola autoridade competente documentou na sección correspondente do documento de identificación, co formato previsto no número 1 do artigo 21 do Regulamento (UE) n.º 576/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, o exame clínico efectuado de conformidade coa letra b) en proba de que, no momento da súa realización, os animais son aptos para o transporte no traxecto previsto, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97.»

Dous. O artigo 15 substitúese polo seguinte:

«Artigo 15. *Disposicións mínimas aplicables ás importacións.*

1. As disposicións aplicables ás importacións de animais, esperma, óvulos e embrións a que se refire o presente real decreto deberán ser, ao menos, equivalentes ás establecidas no capítulo II.

2. Polo que respecta aos cans, gatos e furóns, as condicións de importación deberán ser, ao menos, equivalentes ás do número 1, letras a) a d), ambas incluídas, do artigo 10, e ás da letra a) do número 1 do artigo 12 do Regulamento (UE) n.º 576/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013.

Ademais das ditas condicións, os cans, gatos e furóns irán acompañados, durante o seu transporte ao lugar de destino, dun certificado sanitario cuberto e asinado por un veterinario oficial, o cal certificará que un veterinario habilitado ou autorizado pola autoridade competente levou a cabo un exame clínico nas corenta e oito horas anteriores ao envío dos animais e verificou que, no momento do exame clínico, os animais eran aptos para o seu transporte no traxecto previsto.»

**Disposición transitoria única.** *Modelo de certificado.*

No que se refire aos intercambios comerciais de cans, gatos e furóns procedentes de explotacións, até o 29 de abril de 2015 poderase utilizar o modelo de certificado sanitario que figura no anexo E, parte 1, da Directiva 92/65/CEE, na súa versión introducida pola Decisión de execución 2012/112/UE da Comisión, do 17 de febreiro de 2012, pola que se modifica o anexo E da Directiva 92/65/CEE do Consello, no que respecta aos modelos de certificados sanitarios para animais procedentes de explotacións e para animais, esperma, óvulos e embrións procedentes de organismos, institutos ou centros autorizados, sempre que o dito certificado fose expedido como máis tarde o 28 de decembro de 2014.

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante ese real decreto incorpórase ao noso ordenamento interno a Directiva 2013/31/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, que modifica a Directiva 92/65/CEE do Consello polo que se refire aos requisitos zosanitarios que rexen o comercio dentro da Unión e as importacións na Unión de cans, gatos e furóns.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 29 de decembro de 2014.

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2014.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN